



### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

Visto o oficio remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 27 de novembro de 2021, procedemento ordinario 4144/2021, a instancia de Manuel Rouco López, Yovana Oroza Castro, Javier Pardeiro Casabella, Ana María Álvarez Gómez e Grupo Municipal do Partido Popular de Burela, contra resolución do Concello de Burela sobre Ordenanza Municipal de regulación de valados de parcelas vexetais e plantación de sebes, arbustos e árbores ornamentais.

En virtude do disposto no artigo 49 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, por medio da presente procédese ao emprazamento dos interesados no devandito expediente para que poidan comparecer como demandados ante aquel órgano xudicial no prazo de nove días.

Burela, 20 de decembro de 2021.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3634

### COSPEITO

##### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO CALENDARIO FISCAL DO EXERCICIO

A Alcaldía - Presidencia do Concello de Cospeito (Lugo) ditou Resolución núm. do 20 de decembro de 2021 cuxo contido literal é o seguinte para público coñecemento:

##### **"RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

*Considerando que a Base 58ª das Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2021 establece literalmente o seguinte:*

*"(...)1.- Os servizos económicos do Concello elaborarán os Padróns de taxas e prezos públicos de cobro periódico.*

*2.- Ao comezo do exercicio aprobarase e publicarase o calendario fiscal dos produtos de cobro periódico, facendo constar que a exposición pública dos padróns terá lugar durante os quince días anteriores ó inicio da súa cobranza.*

*3.- Así mesmo, publicaranse os anuncios de cobranza co contido e nos términos fixados polo artigo 24 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.(...)"*

*Considerando o establecido nas ordenanzas fiscais vixentes reguladoras das taxas e prezos públicos pola prestación de servizos municipais en relación co devengo e o período de cobro de liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo.*

*Vista a proposta de calendario fiscal formulada pola Tesourería Municipal, esta Alcaldía -Presidencia, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.19 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais*

##### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o calendario fiscal do exercicio 2022, de acordo co seguinte detalle de conceptos tributarios e ingresos de dereito público, devengo e prazos de cobro en período voluntario:

##### **A) PRAZOS DE COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO:**

1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:

Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Taxas abastecemento de auga.	4º T 2021	22/02/2022	28/03/2022
Taxas servizo de sumidoiros	1º T 2022	27/04/2022	28/06/2022
Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo	2º T 2022	27/07/2022	28/09/2022
Canon autonómico de auga	3º T 2022	28/10/2022	28/12/2022
Taxas prestación do servizo de Axuda no Fogar	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas prestación do servizo da Gardería Infantil (1)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 10 do mesmo mes
Prezo público polo servizo das Escolas Deportivas (2)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 5 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Prezo público polo servizo de préstamo de material ortoprotésico	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública	Liquidación anual por padróns	27/04/2022	28/06/2022
Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública	Liquidación anual por padróns	27/04/2022	28/06/2022

(1) No mes de vacacións estivais producirase a suspensión temporal da cota por peche das instalacións (artigo 6.a) da ordenanza Fiscal reguladora da taxa – BOP núm. 274/2008 do 27/11).

(2) Durante os meses de prestación do servizo.

## 2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:

Concepto	Período voluntario de ingreso	
	Inicio	Remate
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	Notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes	Ata o día 20 do mes seguinte ao de notificación da liquidación

	Notificadas entre os días 16 e o último de cada mes	Ata o día 5 do segundo mes seguinte ao de notificación da liquidación
--	---	---

**B) MODALIDADES E LUGARES DE PAGO DOS TRIBUTOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO:**

**1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:**

**I) Mediante domiciliación bancaria** comunicada ao Concello a través dos modelos oficiais establecidos ao efecto no servizo de recadación. Os cargos en conta corrente dos recibos domiciliados realizarase nos seguintes prazos:

- i) Nas liquidacións dos padróns de taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, saneamento e recollida domiciliaria de lixo dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.
- ii) Nas taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil o último día do período de cobro de cada mes.
- iii) No prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas o último día do período de cobro de cada mes.
- iv) No prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico o último día do período de cobro de cada mes.
- v) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.
- vi) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

**II) Mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación** das Entidades colaboradoras no servizo de recadación de tributos debidamente autorizadas por esta Entidade local (Santander, ABANCA e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, cando se trate dos seguintes conceptos tributarios non domiciliados:

- i) Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga.

**2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:**

**I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais** abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito ( ABANCA, Banco Santander e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, dos seguintes conceptos tributarios e demais ingresos de dereito público:

- i) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- ii) Alta na prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, e recollida domiciliaria de lixo.
- iii) Alta na prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil.
- iv) Taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.
- v) Prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas, por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.
- vi) Prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico por liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo domiciliados declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.
- vii) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública.
- viii) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública

**3. Autoliquidacións:**

**I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais** abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito (ABANCA, Banco Santander e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público dos seguintes conceptos tributarios e ingresos de dereito público:

- i) Autoliquidacións pola prestación do servizo de utilización de instalacións deportivas se culturais.
- ii) Autoliquidacións pola prestación dos servizos de expedición de documentos administrativo e outros trámites administrativos municipais.

**C) Recargos aplicables sobre as débedas ingresadas fora de prazo:**

Modalidade	Porcentaxe de recargo
Débedas ingresadas antes da notificación da providencia de constrinximento	Recargo executivo do 5 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e dentro do prazo concedido por ela	Recarga reducido do 10 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e foro do prazo concedido por ela	Recarga ordinario do 20 %

Advirtese que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo do devengar o recargo de prema, xuros de demora, e no seu caso, os gastos que se produzan.

**SEGUNDO.** Este calendario é susceptible de impugnación en vía contencioso –administrativa polos que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

**TERCEIRO.** Resérvase a esta Alcaldía a facultade de modificar o presente calendario, en todo aquilo que non veña imposto por disposicións legais ou regulamentarias, cando por motivos de índole técnica debidamente xustificadas, impida a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas.

**CUARTO.** Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, na data sinalada á marxe, do que eu como Secretaria dou fe".

Cospeito, 20 de decembro de 2021.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3635

## OUROL

### Anuncio

De conformidade cos artigos 112 da Lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e un, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2022, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público que o Orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, á cantidade de **UN MILLÓN SETECENTOS TRINTA E SETE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS, (1.737.455,16 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	1.007.419,08 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	535.136,08 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	119.900,00 €
5	Fondo de continxencia e outros Imprevistos	0,00 €
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.662.455,16 €</b>
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	75.000,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €

<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>75.000,00 €</b>
<b>SUMA TOTAL GASTOS:</b>	<b>1.737.455,16 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Impostos directos	937.000,00 €
2	Impostos indirectos	12.000,00 €
3	Taxas, prezos pbcos e outros ingresos	162.500,00 €
4	Transferencias correntes	620.655,16 €
5	Ingresos patrimoniais	5.000,00 €
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>1.737.155,16 €</b>
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	300,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>300,00 €</b>

**SUMA TOTAL INGRESOS:** **1.737.455,16 €**

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducéase a continuación:

**A) FUNCIONARIOS DE CARRERA.**

<b>Denominación</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Grupo/Subgrupo</b>	<b>Situación</b>	<b>Funcións</b>
1. Habilitación de carácter nacional 1.1. Secretario-Interventor	1	A1	Propiedade	As determinadas no RD 1174/1987
2. Escala de Administración Xeral 2.1. Subescala Administrativa 2.1.1. Administrativo. Xefe de Sección	1	C <sub>1</sub>	Propiedade	Apoio a Secretaría-Intervención. Substitúe en caso de ausencia, vacante ou enfermidade ao Habilitado Nacional.
2.1.2 Administrativo	1	C <sub>1</sub>	Propiedade	Servizos xerais de administración xeral
2.2. Subescala Auxiliar 2.2.1. Auxiliar Administrativo	1	C <sub>2</sub>	Propiedade	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 191 de 21.08.2002.
3. Arquitecto (a) ½ xornada	1	A 1	Interino	As recollidas nas bases para a provisión da praza publicadas no BOP nº 253 de xoves 4 de novembro de 2010.

**B) PERSOAL LABORAL FIXO.**

<b>Denominación</b>	<b>Nº prazas</b>	<b>Situación</b>	<b>Funcións</b>
Operario de servizos múltiples	1	Vacante	Mantemento das instalacións e servizos municipais
Limpiador/a	1(1/2 Xornada)	Vacante	As propias da denominación da praza

**C) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO**

Denominación	Nº prazas	Situación
Traballadora social	1	Xornada completa/Redución xornada
Limpador/a edificios municipais	1	Xornada parcial
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Xornada completa
Auxiliar de axuda a domicilio	1	Xornada completa/Redución de xornada
Auxiliares de axuda a domicilio	2	Xornada parcial
Fisioterapeuta	1	Xornada completa
Educadora familiar	1	Xornada completa
Operario de servizos municipais	1	Xornada completa
Condutor oficial 3ª	1	Xornada completa
Condutor oficial 1ª	1	Xornada completa
Enxeñeiro de montes	1	Xornada completa
Encargado de instalacións municipais	1	Xornada completa
Técnico de Servizos Xerais	1	Xornada completa
Animadora sociocultural	1	Xornada completa
Promotor de turismo	1	Xornada completa
Bibliotecaria	1	Xornada completa

**D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Denominación	Nº prazas	Situación
Técnico local de emprego	1	Xornada completa
Auxiliares de fogar	2	Xornada completa
Auxiliares de fogar	5	Xornada parcial
Limpador/a de edificios municipais	1	Xornada completa
Electricista	1	Xornada parcial
Ordenanza	1	Xornada parcial
Peón forestal	1	Xornada parcial

**E) PERSOAL LABORAL INTERINO**

Denominación	Nº prazas	Situación
Operario de servizos municipais	1	Xornada completa

**F) ALTOS CARGOS**

Denominación	Nº prazas	Situación
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleiro	1	Dedicación parcial

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento

municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Ouro, vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3648

---

## PANTÓN

### *Anuncio*

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (OBRA OU SERVIZO DETERMINADOS) DE TRES (3) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (DOUS/DÚAS PEÓNS E UN/UNHA MONITOR/A DEPORTIVO/A), NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 (B.3.-PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).**

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto do 20.12.2021, resolveu convocar os procesos selectivos para a contratación laboral temporal (obra ou servizo determinados) de tres (3) persoas traballadoras desempregadas (DOUS/DÚAS PEÓNS E UN/UNHA MONITOR/A DEPORTIVO/A), no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 (B.3.-Programa de Fomento do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 20 de decembro de 2021.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3636

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2021, aprobouse inicialmente o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Ribeira de Piquín, o cal se expón ao público para que nun prazo de **vinte (20) días hábiles**, que comezará a contar a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, poida ser examinado e poidan formularse as suxestións, observacións e alegacións que se estimen pertinentes polos interesados.

O documento estará a disposición dos interesados nas oficinas municipais, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como na sede electrónica do concello: <https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>

Ribeira de Piquín, 20 de decembro de 2021.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3637

**SOBER***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 20 de decembro de 2021, apróbase o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Novembro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 20 de decembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3638

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de decembro de 2021, apróbase o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Decembro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 20 de decembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3639

**VIVEIRO***Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres 10 de setembro 2021 N.º 209, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 07 de setembro de 2021, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administración.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves 16 de setembro de 2021 N.º214, publícase a corrección de erros da convocatoria, bases e anexos polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Administrativo (SX6.2/035) na escala administración xeral, subescala administración.

No Diario Oficial de Galicia do xoves 23 de setembro de 2021 N.º 184, publícase anuncio do extracto da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2018).

No Boletín Oficial do Estado do xoves 07 de outubro de 2021 N.º240, publícase Resolución de 30 de setembro de 2021 do Concello de Viveiro (Lugo), referente á convocatoria para prover unha praza de Administrativo, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Administrativa e Calse media, mediante o sistema de oposición en turno libre, indicando que o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación des esta Resolución no “Boletín Oficial do Estado”.

Vistas as bases reguladoras cos seus anexos polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administración.

Vista a Base Xeral no seu punto 6 a) e b), que sinala “(...)a) **Copia do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.** Ademais, os/as aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola mesma e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.



**b) Copia da Titulación académica esixida no punto 4 b) na convocatoria das presentes bases, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación...**

Vista a Base Xeral no punto 6 ), que sinala “(...) **d) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de posuír o nivel de galego esixido no punto 4 f) das presentes bases ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente...**”

Vista a Base Xeral no punto 6, sinala “(...) **De non presentarse a documentación na forma establecida no presente punto non será tida en conta. De non presentarse correctamente os documentos referidos nos apartados a) e b) o/a aspirante quedará excluído, sen prexuízo da posible subsanación de documentos trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, resultando posible a súa presentación no prazo de subsanación. En todo caso os requisitos deberán posuírse á data de finalizar o prazo de presentación de instancias...**”

Vista a lista provisional de admitidos e excluídos, que sinala:

“(...) **ADMITIDOS:**

	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>Realización proba de galego</b>
1	ABELLEIRA LENCE SUSANA MARIA	<b>EXENTA</b>
2	ADEGA BELLAS VICTOR MANUEL	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
3	ALONSO DÍAZ MARÍA ROCÍO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
4	ALONSO DOMÍNGUEZ MIRIAM	<b>EXENTA</b>
5	ALVAREZ LAGE AMALIA HORTENSIA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
6	ALVITE PERNAS GIOVANNI	<b>EXENTA</b>
7	ANDION PENA NANCY	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
8	BALSA BREIJO MIRIAM	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
9	BAÑO COUCEIRO SONIA	<b>EXENTA</b>
10	BARRIO ARES ISABEL	<b>EXENTA</b>
11	BASANTA LEITON MARTA	<b>EXENTA</b>
12	BELLAS MOURIÑO MARIA SOLEDAD	<b>EXENTA</b>
13	BEN PRIETO MARIA VICENTA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
14	BERMÚDEZ GONZÁLEZ PILAR	<b>EXENTA</b>
15	CAL MIGNONE TANIA	<b>EXENTA</b>
16	CANOURA CALZADO ANA CRISTINA	<b>EXENTA</b>
17	CARIDE NIMES LUCIA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
18	CASAS PÉREZ CONCEPCION JUANITA	<b>EXENTA</b>
19	CASTELO BOUZA CRISTINA	<b>EXENTA</b>
20	CASTELO FERNÁNDEZ SILVIA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
21	CASTRO CORA LAURA	<b>EXENTA</b>
22	CASTRO VIQUEIRA INÉS	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
23	DÍAZ BUSCH STEFANIE	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
24	DÍAZ TORRON CRISTINA	<b>EXENTA</b>

25	DOCAMPO ROBLES DANIEL	EXENTA
26	DOPICO FURELOS DIEGO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
27	DORADO FERNÁNDEZ RUTH MÓNICA	EXENTA
28	EXPÓSITO YÁÑEZ MARIA LUISA	EXENTA
29	FANEGO CANDIA LUCIA	EXENTA
30	FANEGO CANDIA PATRICIA	EXENTA
31	FARIÑA DOMÍNGUEZ BARBARA CRISTINA	EXENTA
32	FEAL JIMENEZ NOELA	EXENTA
33	FERNÁNDEZ BERMÚDEZ YOLANDA VICTORIA	EXENTA
34	FERNÁNDEZ DÍAZ MARIA JOSELINA	EXENTA
35	FERNÁNDEZ GÓMEZ MIRIAM	EXENTA
36	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
37	FERNÁNDEZ VEIGA MARIA	EXENTA
38	FERREIRO PÉREZ JOSE MANUEL	EXENTA
39	FERRO RIVERA FÁTIMA	EXENTA
40	FRA MARTÍNEZ IGNACIO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
41	FREIRE RICO SILVIA	EXENTA
42	FUNGUEIRÑO PAZOS JOSE LUIS	EXENTA
43	GALDO VILASUSO MARIA JOSE	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
44	GARCÍA FERNÁNDEZ CLARA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
45	GARCÍA FERNÁNDEZ LORENA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
46	GARCÍA GARCÍA BEATRIZ	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
47	GARCÍA MURUAIS MARCOS	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
48	GEADA GARCÍA ELVIRA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
49	GÓMEZ MARTÍNEZ MARTINA	EXENTA
50	GÓMEZ MARTÍNEZ ALEJANDRA	EXENTA
51	GÓMEZ NOVOA HUGO	EXENTA
52	GÓMEZ NOVOA LETICIA	EXENTA
53	GÓMEZ PAZ REBECA	EXENTA
54	GONZÁLEZ ALVAREZ DIEGO	EXENTA
55	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA	EXENTA
56	GONZÁLEZ VECIN BEATRIZ	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
57	GONZÁLEZ VILLADONIGA YOLANDA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
58	GUNDIN LAGO FERNANDO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
59	JANEIRO TAPIAS MIGUEL ANGEL	Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.
60	LAGE SÁNCHEZ PAULA	EXENTA

61	LAGO GÓMEZ BEGOÑA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
62	LAMELAS FRA ALEJANDRA	<b>EXENTA</b>
63	LAMELAS GARCÍA ISABEL VICTORIA	<b>EXENTA</b>
64	LESTEGAS NIÑE VANESA	<b>EXENTA</b>
65	LÓPEZ BERDEAL MARIA MÓNICA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
66	LÓPEZ EIJO PATRICIA	<b>EXENTA</b>
67	LÓPEZ FERNÁNDEZ BEGOÑA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
68	LÓPEZ OTERO JOSE ANTONIO	<b>EXENTA</b>
69	LÓPEZ PÉREZ REYES	<b>EXENTA</b>
70	LÓPEZ PICOS YOLANDA	<b>EXENTA</b>
71	LÓPEZ RODRÍGUEZ PAULA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
72	LÓPEZ RODRÍGUEZ SANDRA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
73	LÓPEZ RÚA CARLOS	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
74	LÓPEZ SEIJIDO NAIKE VERÓNICA MARIA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
75	MARTÍNEZ DE LA HIDALGA MACHIN PALOMA ELVIRA	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
76	MARTÍNEZ GUERREIRO MARIA DEL CARMEN	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
77	MARTÍNEZ MARTÍNEZ PILAR	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
78	MARTÍNEZ PÉREZ IAGO	<b>EXENTA</b>
79	MARTÍNEZ RIVEIRA ANDRÉS CARLOS	<i>Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 6 d) bases reguladoras.</i>
80	MARTÍNEZ ROUCO INÉS	<b>EXENTA</b>
